



CENTRO DE FORMACIÓN DE PERSOAL

MEMORIA SOBRE A FORMACIÓN DE PERSOAL DA USC 2022

CENTRO DE FORMACIÓN DE PERSOAL
centro.formacion@usc.gal

Contidos

Limiar	3
I. A FORMACIÓN PARA O PDI	4
1. Visión xeral	5
1. A formación por áreas	7
2. Valoración dos usuarios e usuarias sobre as accións formativas	7
2.1. Valoración das actividades formativas programadas polo PFID/CFP	7
2.2. Valoración das actividades formativas programadas polos centros e grupos, e recoñecidas polo PFID/CFP	9
3. Custo das actividades formativas	10
Anexo. Detalle dos cursos de formación para o PDI	13
II. A FORMACIÓN PARA O PERSOAL INVESTIGADOR.....	19
III. A FORMACIÓN PARA O PAS.....	23
1. A xestión da formación de PAS en 2022.....	24
2. A formación por áreas	25
2.1. Área de Formación Operativa	25
2.2. Área de Seguridade e Prevención	26
2.3. Área de Apoio a Procesos Selectivos e Cursos Selectivos.....	26
2.4. Formación Externa	26
3. Actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública	26
4. Valoración dos usuarios e usuarias sobre as accións formativas.....	28
5. Valoración dos usuarios e usuarias sobre o profesorado dos cursos	32
6. Custo das actividades formativas	32
Anexo. Detalle dos cursos de formación para o PAS.....	37

Limiar

En 2022 produciuse un cambio importante no que respecta á formación de persoal na nosa universidade: en setembro comezou a súa andaina o Centro de Formación de Persoal, que asume a formación de todo o persoal, e axunta o persoal e as funcións de, por unha banda, o Programa de Formación e Innovación Docente, e por outra, a Sección de Formación, integrada no Servizo de Planificación e Programación de PAS. Trátase dun centro dependente directamente da Xerencia.

O axuntamento da formación (xa sen entrar na *unificación*, proceso que aínda se está abordando) nun único centro resulta un reto organizativo, tanto en relación á integración do persoal de dúas unidades diferentes e sen ningún contacto previo entre si, como, sobre todo, en relación a ferramentas e procedementos (por esta orde, dado que as ferramentas dispoñibles condicionan os procedementos), mais tamén en relación ao que poderíamos denominar como *tradición*. Así, mentres na xestión da formación para o PDI se utiliza XesCampus, na xestión da formación para o PAS utilízase unha base de datos adaptada e conectada a Universitas XXI, a aplicación de xestión de persoal. Mentres que para o PAS se conta cun rexistro da formación dentro do expediente persoal, o que facilita outras xestións, o PDI carece del. Así mesmo, as retribucións que se perciben pola preparación e impartición da formación son diferentes, non só en canto aos importes, senón tamén en canto a conceptos. Incluso é de salientar que mentres a formación de PAS estaba regulada, se planificaba anualmente e para iso se abría á participación dos diversos servizos, e se daba conta dela a través dunha memoria ad hoc pública, a formación do PDI carece de regulación, de planificación anual pública e de participación no seu deseño -alén do recoñecemento de actividades organizadas polos centros ou grupos de investigación, así como de memorias propias (aínda que, evidentemente, os seus resultados máis importantes si se coñecen a través dos diversos informes de xestión da USC).

O proceso de *unificación* resulta complexo e cómpre abordalo a medio prazo. Evidentemente, nos catro últimos meses de 2022 a formación seguiu xestionando do mesmo xeito anterior, agás no referido ao persoal investigador, a quen se lle dá acubillo formativo explícito por vez primeira. Damos conta nesta memoria dos principais resultados das actividades formativas realizadas ao longo de todo o ano, con independencia da súa xestión por parte do CFP nos últimos meses ou das unidades anteriores, e amosando por separado a formación para os dous colectivos da USC.

I. A FORMACIÓN PARA O PDI

1. Visión xeral

O 31 de decembro de 2022 na USC¹ había un total de 2.141 membros do persoal docente e investigador (PDI), dos cales 1.716 correspondían ao Campus de Santiago de Compostela e 423 ao de Lugo.

Para este persoal planificáronse e organizáronse 74 accións formativas, 46 no primeiro semestre (xaneiro-xuño), desde o Programa de Formación e Innovación Docente e 28 no segundo (setembro-décembro), xa desde o Centro de Formación de Persoal. Esas accións formativas contaban cun total de 1.442 prazas e supoñían 1.030 horas de formación. Recibíronse 2.602 solicitudes e atendéronse 1.204. Emitíronse 1.030 diplomas de aptitude.

Táboa 1. Actividades de formación para o PDI. Ano 2022

Actividades convocadas	74	
PDI	2.141	
Prazas ofertadas	1.142	53,3% sobre o total do PDI
Solicitudes recibidas	2.602	
Solicitudes atendidas	1.204	46,2%
Diplomas emitidos	1.030	85,5% sobre o total de admitidos/as
Abandonos	174	14,5% sobre o total de admitidos/as

A maioría das actividades formativas realizáronse en liña: un total de 44 cursos seguiron esta modalidade, cun total de 796 prazas. Presencialmente desenvolvéronse 20 actividades en Santiago de Compostela e 11 en Lugo, ofrecendo 419 prazas en Compostela e 227 en Lugo, o que supón unha cobertura do 24,4% sobre o total do PDI de Santiago e do 53,6% en Lugo.

Ademais da formación para o PDI planificada e organizada primeiro polo PFID e logo polo CFP, os propios centros docentes e de investigación, departamentos e grupos de investigación e innovación poden realizar e financiar actividades formativas *ad hoc* para o seu persoal co recoñecemento do CFP, cunha serie de requisitos². Este recoñecemento implica para o CFP un traballo de asesoramento, supervisión, control e seguimento sobre as solicitudes e memorias das actividades formativas dos centros e grupos, así como a emisión dos correspondentes diplomas.

En 2022 foron 18 as actividades formativas recoñecidas e, xa que logo, sometidas polo CFP a seguimento e control. Como resultado, o CFP emitiu 260 diplomas de aptitude ás persoas que os realizaron.

Táboa 2. Actividades formativas para o PDI recoñecidas polo CFP. Ano 2022

Actividades convocadas	18
Diplomas emitidos	260

¹ Datos tirados de USC en cifras

<https://app.powerbi.com/view?r=eyJrIjoibNDZiY2JhOWMtNGY2Ni00NjVjLTkxYTQtZjZDU2MmZkOWYzliwidCI6IjhmMGQ0NTJjLWI3YTQtNDk2NC1iODEwLThjMzk3Mzc0NDc3YiIsImMiOiJh9>

² Pódese consultar en:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/PFID/reconecemento>

Por outra banda, a USC mantén un convenio de colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para a realización de actividades de formación permanente do profesorado, tanto universitario como non universitario³. Este convenio implica, ademais da tramitación da addenda anual (convocatoria, asesoramento e comprobación de solicitudes, comunicacións... incluídas as actividades de verán), e de novo, un labor de seguimento e control das actividades, así como unha dobre tramitación dos correspondentes diplomas de aptitude (interna e na Xunta). A maiores, comporta entrar nunha aplicación da Xunta de Galicia (fprofe) co certificado dixital persoal para inscribir os docentes da Consellaría en cada actividade (que non poderá ser menor do 70% do conxunto das persoas matriculadas), así como resolver todas as posibles incidencias que se producen. Cómpre aclarar, ademais, que non existe ningunha ferramenta de control e seguimento, alén dun excel, e que a elaboración dos diplomas lles corresponde aos responsables das actividades, que os envían ao CFP para que proceda a subilos a <fprofe>, antes do cal cómpre un intenso labor de control.

En 2022 foron 21 as solicitudes recibidas que ofrecían un total de 805 prazas. As actividades das cales o CFP ten constancia do seu remate e puido xestionar diante da Consellaría foron 7 que produciron como resultado a emisión de 477 diplomas.

Táboa 3. Actividades formativas ao abeiro do convenio coa Consellaría de Educación. Ano 2022

	Solicitadas	Rematadas
Actividades	21 (8 cursos de verán)	7
Prazas ofertas	805	477

Finalmente, o PFID primeiro e despois o CFP emiten os diplomas de docencia universitaria (DDU), a pedimento do profesorado. Estes diplomas certifican a realización de 100 horas de formación e son moi apreciados polo PDI polo seu valor para diversos recoñecementos. En 2002 emitíronse 57 DDU.

Polo tanto, o PFID-CFP emitiu un total de 1.824 diplomas en 2022.

Táboa 4. Diplomas para PDI emitidos polo CFP. Ano 2022

Diplomas de actividades do plan de formación	1.030
Diplomas de actividades recoñecidas	260
Diplomas de actividades do convenio coa Consellaría	477
DDU	57
Total	1.824

Cómpre coñecer que a xestión da formación do PDI (agás o relacionado coas actividades ao abeiro do convenio coa Consellaría) realízase a través dun módulo de XesCampus. Iso facilita tanto a matrícula como que cada docente pode ver na Secretaría Virtual un resumo estatístico da súa situación e unha táboa resumo con todos os cursos (Código e nome) nos que se inscribiu coa indicación de se estivo matriculado (Seleccionado), se asistiu (Diploma asistencia) e o número de horas de cada curso. Porén, a emisión de

³ Pódese consultar en: <https://www.usc.gal/gl/servizos/ceta/formacion/profesorado-non-universitario/index.html>

diplomas só se ve facilitada pola creación dun arquivo pdf único para cada curso -profesorado e alumnado- que cómpre dividir manualmente en tantos arquivos como docentes e asistentes ao curso, renomealos, poñer no PortaSinaturas e envialos individualmente por correo electrónico.

1. A formación por áreas

Resumimos na seguinte táboa as actividades en función da área formativa a que fan referencia. O detalle dos cursos amósase no Anexo.

Táboa 6. Actividades formativas por áreas. Ano 2022

	Núm. actividades	Núm. horas	Núm. prazas	Solicitudes	Diplomas	Saldo
Desenvolvemento profesional	2	20	50	115	40	-65
Desenvolvemento profesional en investigación	8	55	70	78	38	-8
Ensino e aprendizaxe	21	255	495	703	295	-208
Igualdade	2	12	45	36	23	+9
Normalización lingüística	6	80	76	113	51	-37
Prevenición de riscos laborais	1	3	50	50	38	0
TIC	34	484	581	1270	483	-689

2. Valoración dos usuarios e usuarias sobre as accións formativas


A avaliación das nosas accións formativas debe ter en conta as valoracións e opinións das persoas asistentes sobre diversos aspectos dos cursos, os cales se formulan en enquisas en liña que se lles achegan unha vez rematadas as actividades. A participación media nos cuestionarios correspondentes a 2022 foi do 39,51% das persoas convocadas, que inclúe as persoas participantes nos cursos do PFID/CFP e tamén os cursos organizados por centros e grupos, con recoñecemento do CFP.

2.1. Valoración das actividades formativas programadas polo PFID/CFP


Para todos os ítems da enquisa as valoracións numéricas, nunha escala de 1 a 5 puntos, sitúanse maioritariamente entre 4 e 4,9, en segundo lugar, en 5, e en terceiro lugar entre 2,5 e 4. Ningunha das respostas se sitúa por debaixo do 2,5.

A seguir presentamos as valoracións numéricas ordenadas en bloques temáticos.


Gráfica 1. Valoración da organización da formación por dos ítems. Datos en porcentaxes de respostas



Gráfica 2. Valoración de elementos didácticos. Datos en porcentaxes de respostas




Gráfica 3. Valoración da aplicabilidade e da satisfacción por ítems. Datos en porcentaxes de respostas



As persoas participantes nos cursos e que responderon as enquisas amosan un grao moi alto de satisfacción: o 82% puntúan a súa satisfacción entre 4 e 4,9, e un 12% directamente con 5. Soamente un 6,7% valora a súa satisfacción entre 2,5 e 4.

Gráfica 4. Satisfacción xeral cos cursos para o PDI




2.2. Valoración das actividades formativas programadas polos centros e grupos, e recoñecidas polo PFID/CFP


Para todos os ítems da enquisa as valoracións numéricas, nunha escala de 1 a 5 puntos, sitúanse maioritariamente entre 4 e 4,9 ou directamente en 5. Hai unha única resposta por debaixo de 4 (e trátase dun 3,5, referida á aplicabilidade do curso na súa docencia). Ningunha das respostas se sitúa por debaixo do 3,5.

A seguir presentamos as valoracións numéricas ordenadas en bloques temáticos.


Gráfica 5. Valoración da organización da formación por dos ítems. Datos en porcentaxes de respostas



Gráfica 6. Valoración de elementos didácticos. Datos en porcentaxes de respostas



Gráfica 7. Valoración da aplicabilidade e da satisfacción por ítems. Datos en porcentaxes de respostas



3. Custo das actividades formativas

Non se trata de custe en sentido contable e estrito pois só se ten en conta o aboamento da docencia e axudas de custo imprescindibles por traslado entre campus. Non se repercute ningún outro gasto.

A impartición de actividades formativas no marco do PFID retribúese segundo os seguintes conceptos:

- Impartición de docencia por hora síncrona: 65€/h
- Impartición de docencia por hora asíncrona: 45€/h

Cómpre aclarar que os cursos con custo cero corresponden a actividades compartidas con outras unidades ou servizos (OIX, SNL, SPIU...) que contan con financiamento externo ou a actividades ao abeiro da prestación do servizo correspondente (CIXUG, Quirón).

Con estas premisas, mostramos a relación de importes que supuxo cada actividade formativa.

Táboa 7. Custo das actividades formativas para o PDI

CÓDIGO	CURSO	IMPORTE
PFID.22dpi-01	Organización de eventos científicos en liña a través de Microsoft Teams	900,00
PFID.22dpi-02	Competencias en información para a docencia e investigación (1º)	1245,00
PFID.22dpi-03	Competencias en información para a docencia e investigación (1º)	1245,00
PFID.22ea-01	Inclusión educativa no ensino superior. Aproximación á metodoloxía didáctica e á accesibilidade documental. Campus Vida	350,00
PFID.22ea-02	Inclusión educativa no ensino superior. Aproximación á metodoloxía didáctica e á accesibilidade documental. Campus de Lugo (ANULADO)	0,00
PFID.22ea-03	Diversificar e innovar no ensino superior a través da aprendizaxe e da avaliación	660,00
PFID.22ea-04	Introdución á ApS no eido da cooperación e educación ao desenvolvemento	0,00
PFID.22ea-05	Introdución á ApS no eido da cooperación e educación ao desenvolvemento	0,00
PFID.22ea-06	Introducción á sustentabilidade na docencia universitaria	0,00
PFID.22ea-07	A metodoloxía do Enfoque de Marco Lórico EML	0,00
PFID.22ea-08	Innovación educativa e ApS: A saúde comunitaria baseada en activos como campo de boas prácticas e proxectos	0,00
PFID.22ea-09	Aprendizaxe colaborativa na Universidade. (1ª)	700,00
PFID.22ea-10	Avaliación orientada á aprendizaxe	795,00
PFID.22ea-11	A titoría e o seguimento do traballo do estudante (1º)	795,00
PFID.22oix-01	Afondando no "Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC": achegamento, análise e reflexións	0,00
PFID.22oix-02	Afondando no "Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC": achegamento, análise e reflexións	350,00
PFID.22tic-01	Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus	0,00
PFID.22tic-02	Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP	0,00
PFID.22tic-03	Trucos e boas prácticas na elaboración de doc.	0,00
PFID.22tic-04	Creación de infografías e deseños vectoriais	0,00
PFID.22tic-05	Introducción á edición de textos científicos con Latex	0,00
PFID.22tic-06	Iniciación a GNU Octave	0,00
PFID.22tic-07	Análise estatística con Rcommander	0,00
PFID.22tic-08	Nocións básicas para o uso do Campus Virtual	325,00
PFID.22tic-09	Uso de grupos e seguimento de estudantes no Campus Virtual (1º)	130,00
PFID.22tic-10	Nocións básicas para o uso do Campus Virtual (2ª edic.)	325,00
PFID.22tic-11	Uso das cualificacións non Campus Virtual (1º)	195,00
PFID.22tic-12	Creación de contidos interactivos con H5P no Campus Virtual (1º)	195,00
PFID.21dp-01	Protección de datos e investigación	610,00
PFID.22dp-02	Protección de datos e investigación	610,00
PFID.22dp-03	Introducción ao podcasting de divulgación	650,00
PFID.22dp-04	Curso básico de formación anti-fraude	130,00
PFID.22dpi-02	Competencias en información para a docencia e investigación	1245,00
PFID.22dpi-03	Competencias en información para a docencia e investigación	1245,00
PFID.22dpi-04	Introducción á Estadística con R	915,00

PFID.22dpi-05	Ferramentas informáticas de análise de datos: SPSS (inicial)	975,00
PFID.22dpi-06	Ferramentas informáticas de análise de datos: SPSS (Avanzado)	975,00
PFID.22ea-12	Tipoloxías e ferramentas para o deseño e creación de E-actividades	940,00
PFID.22ea-13	As rúbricas como instrumento de avaliación formativa na Educac.Superior	460,00
PFID.22ea-14	Formación de acollida. Interacción profesorado-estudiante: clave para unha boa aprendizaxe	660,00
PFID.22ea-15	Formación de acollida. Estratexias de comunicación eficaz	835,00
PFID.22ea-16	Metodoloxía Flipped Clasrroom na Educación Superior	795,00
PFID.22ea-17	Formación de acollida. ¿Cómo realizar unha avaliación orientada para a aprendizaxe?	790,00
PFID.22ea-18	Aprender a ensinar na aula: o uso do método do caso	840,00
PFID.22ea-19	A metodoloxía do Enfoque de Marco Lóxico EML	0,00
PFID.22ea-20	Formación de acollida. Estratexias para deseñar actividades de aprendizaxe	660,00
PFID.22oix-03	Afondando no "Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC": achegamento, análise e reflexións	350,00
PFID.22oix-04	Formación de acollida. Sensibilización en materia de igualdade	0,00
PFID.22oix-05	A perspectiva de xénero como innovación docente	0,00
PFID.22oix-06	Xestión das nosas vidas. Conciliación na USC	610,00
PFID.22snl-01	Obradoiro de elaborac.de unidades didácticas	1950,00
PFID.22snl-02	Obradoiro de xestión do multilingüismo nas aulas (1º)	0,00
PFID.22snl-03	Galego seguro: solución de dúbidas na escrita	1020,00
PFID.22snl-04	Dereitos e deberes lingüísticos na USC. O regulamento de usos lingüísticos	240,00
PFID.22snl-05	Obradoiro de elaboración de unidades didácticas en galego (2ª)	0,00
PFID.22spr-01	Formación de acollida. Prevención de riscos laborais para PDI	0,00
PFID.22spr-02	Educación da voz	0,00
PFID.22tic-13	Primeiros pasos con Microsoft Forms	130,00
PFID.22tic-14	Creación de cuestionarios no Campus Virtual (1º)	195,00
PFID.22tic-15	Avaliación de tarefas no Campus Virtual: uso de rúbricas e guías de avaliación (1º)	195,00
PFID.22tic-16	Deseño e creación de material didáctico con infografías en Genially	610,00
PFID.22tic-17	Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP	0,00
PFID.22tic-18	Creación de Infografías e deseños vectoriais	0,00
PFID.22tic-19	Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	0,00
PFID.22tic-20	Curso básico en ferramentas de creación de contidos	1240,00
PFID.22tic-21	Curso básico en ferramentas de apoio á docencia virtual e híbrida	1105,00
PFID.22tic-22	Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	0,00
PFID.22tic-23	LibreOffice Calc Avanzado	0,00
PFID.22tic-24	Edición de vídeos para a Educación Superior	570,00
PFID.22tic-25	Edición de vídeos para a Educación Superior	570,00
PFID.22tic-26	Curso básico en ferramentas de creación de contidos	1240,00
PFID.22tic-27	Curso básico en ferramentas de apoio á docencia virtual e híbrida	1105,00
	TOTAL FORMACIÓN PDI	32675,00

Anexo. Detalle dos cursos de formación para o PDI

Táboa 1. Desenvolvemento profesional

TÍTULO DO CURSO	CÓDIGO	HORAS	PRAZAS	SOLICITUDES	ADMITIDS	DIFERENZA	DIPLOMAS
Protección de datos e a docencia universitaria: entre a nova normativa e as esixencias prácticas	PFID.22dp-01	10	30	79	31	-49	25
Protección de datos e investigación	PFID.22dp-02	10	25	52	28	-27	22
Introdución ao podcasting de divulgación	PFID.22dp-03	10	10	34	10	-24	8
Curso básico de formación anti-fraude	PFID.22dp-04	2	102	103	102	-1	56
Semana galega da cooperación universitaria para o desenvolvemento	PFID.22dp-05	24	25	13	13	12	11

Táboa 2. Desenvolvemento profesional para a investigación

TÍTULO DO CURSO	CÓDIGO	HORAS	PRAZAS	SOLICITUDES	ADMITIDS	DIFERENZA	DIPLOMAS
Organización de eventos científicos en liña a través de Microsoft Teams	PFID.22dpi-01	16	15	77	15	-62	10
Competencias en información para a docencia e a investigación	PFID.22dpi-02	25	20	89	21	-69	19
Competencias en información para a docencia e a investigación	PFID.22dpi-03	25	20	31	20	-11	16
Introdución á Estatística con R	PFID.22dpi-04	15	15	26	16	-11	13
Ferramentas informáticas de análise de datos SPSS (Inicial)	PFID.22dpi-05	15	15	24	13	-9	13
Ferramentas informáticas de análise de datos SPSS (Avanzado)	PFID.22dpi-06	15	15	16	10	-1	8

Táboa 3. Ensino-aprendizaxe

TÍTULO DO CURSO	CÓDIGO	HORAS	PAZAS	SOLICITUDES	ADMITIDS	DIFERENZA	DIPLOMAS
Inclusión educativa no ensino superior. Aproximación á metodoloxía didáctica e á accesibilidade documental.	PFID.22ea-01	8	25	20	14	5	11
Inclusión educativa no ensino superior. Aproximación á metodoloxía didáctica e á accesibilidade documental.	PFID.22ea-02	8	25	10	0	15	0
Diversificar e innovar no ensino superior a través da aprendizaxe e da avaliación	PFID.22ea-03	12	15	33	14	-18	12
Introdución á ApS no eido da cooperación e educación ao desenvolvemento	PFID.22ea-04	10	25	24	18	1	14
Introdución á ApS no eido da cooperación e educación ao desenvolvemento	PFID.22ea-05	10	25	14	6	11	5
Introdución da sustentabilidade na docencia universitaria	PFID.22ea-06	25	30	23	22	7	20
A Metodoloxía do Enfoque de Marco Lóxico aplicada aos proxectos de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento presentados polas Universidades Galegas	PFID.22ea-07	24	20	11	9	9	7
Innovación educativa e Aprendizaxe-Servizo: A Saúde Comunitaria Baseada en Activos como campo de boas prácticas e proxectos.	PFID.22ea-08	10	25	36	25	-11	23
Aprendizaxe colaborativa na universidade	PFID.22ea-09	12	20	71	20	-51	16
Avaliación orientada á aprendizaxe	PFID.22ea-10	15	25	80	25	-55	25
A titoría e o seguimento do traballo do estudante.	PFID.22ea-11	15	25	70	26	-45	25
Tipoloxías e ferramentas para o deseño e creación de E-actividades	PFID.22ea-12	20	20	108	20	-88	16
As rúbricas como instrumento de avaliación formativa na Educación Superior	PFID.22ea-13	8	20	46	20	-26	16
Formación de acollida. Interacción profesorado-estudiante: clave para unha boa aprendizaxe	PFID.22ea-14	12	25	99	25	-74	25
Formación de acollida. Estratexias de comunicación eficaz.	PFID.22ea-15	15	25	55	25	-30	22
Metodoloxía Flipped Classroom na educación superior	PFID.22ea-16	15	25	56	25	-31	23
Formación de acollida. ¿Cómo realizar unha avaliación orientada á aprendizaxe?	PFID.22ea-17	14	25	52	25	-27	23
Aprender a ensinar na aula: o uso do Método do Caso	PFID.22ea-18	16	25	83	25	-58	24

A Metodoloxía do Enfoque de Marco Lóxico_EML_aplicada aos proxectos de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento presentados polas Universidades Galegas	PFID.22ea-19	24	15	10	8	5	4
Formación de acollida. Estratexias para deseñar actividades de aprendizaxe	PFID.22ea-20	12	25	52	25	-27	25
VII Convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS). Proxectos consolidados	PFID.22ea-21	10	65	59	58	6	58
VII Convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS). Proxectos emerxentes	PFID.22ea-22	10	20	18	16	2	18

Táboa 4. Igualdade

TÍTULO DO CURSO	CÓDIGO	HORAS	PRAZAS	SOLICITUDES	ADMITIDS	DIFERENZA	DIPLOMAS
Afondando no "Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC": achegamento, análise e reflexións.	PFID.22oix-01	6	30	29	23	1	18
Afondando no "Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC": achegamento, análise e reflexións.	PFID.22oix-02	6	15	7	5	8	5
Afondando no "Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC": achegamento, análise e reflexións.	PFID.22oix-03	6	30	37	29	-7	21
Formación de acollida. Sensibilización en materia de igualdade.	PFID.22oix-04	2	50	55	53	-5	45
A perspectiva de xénero como innovación docente	PFID.22oix-05	10	20	55	21	-35	19
Xestión das nosas vidas. Conciliación na USC	PFID.22oix-06	10	25	28	23	-3	18

Táboa 4. Normalización lingüística

TÍTULO DO CURSO	CÓDIGO	HORAS	PRAZAS	SOLICITUDES	ADMITIDS	DIFERENZA	DIPLOMAS
Obradoiro de elaboración de unidades didácticas en galego	PFID.22snl-01	30	20	63	21	-43	13
Obradoiro de xestión do multilingüismo nas aulas	PFID.22snl-02	8	12	20	16	-8	7

Galego seguro: solución de dúbidas na escrita.	PFID.22snl-03	20	20	40	20	-20	19
Dereitos e deberes lingüísticos na USC. O regulamento de usos lingüísticos	PFID.22snl-04	4	20	36	20	-16	18
Obradoiro de elaboración de unidades didácticas en galego	PFID.22snl-05	30	20	35	20	-15	15
Obradoiro de elaboración de unidades didácticas en galego	PFID.22snl-01	30	20	63	21	-43	13

Táboa 5. Prevención de riscos laborais

TÍTULO DO CURSO	CÓDIGO	HORAS	PRAZAS	SOLICITUDES	ADMITIDS	DIFERENZA	DIPLOMAS
Formación de acollida. Prevención de riscos laborais para PDI	PFID.22spr-01	2	52	54	52	-2	51
Educación da voz	PFID.22spr-02	3	50	56	50	-6	40

Táboa 6. Tecnoloxías da información e a comunicación

TÍTULO DO CURSO	CÓDIGO	HORAS	PRAZAS	SOLICITUDES	ADMITIDS	DIFERENZA	DIPLOMAS
Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus	PFID.22tic-01	24	5	27	5	-22	4
Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP	PFID.22tic-02	24	5	34	5	-29	5
Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	PFID.22tic-03	24	5	31	5	-26	4
Creación de infografías e deseños vectoriais	PFID.22tic-04	24	5	25	5	-20	3
Introducción á edición de textos científicos con LaTeX	PFID.22tic-05	10	6	19	6	-13	4
Iniciación a GNU Octave	PFID.22tic-06	24	5	5	5	0	3
Análise estatística con RCommander	PFID.22tic-07	24	5	15	5	-10	5
Nocións básicas para o uso do Campus Virtual	PFID.22tic-08	8	30	54	30	-24	30
Uso de grupos e seguimento de estudantes no Campus Virtual	PFID.22tic-09	3	30	56	30	-26	27
Nocións básicas para o uso do Campus Virtual	PFID.22tic-10	8	30	36	30	-6	28
Uso das Cualificacións no Campus Virtual	PFID.22tic-11	6	30	57	30	-27	27

Creación de contidos interactivos con H5P no Campus Virtual	PFID.22tic-12	8	30	72	31	-42	29
Primeiros pasos con Microsoft Forms	PFID.22tic-13	3	30	60	32	-30	28
Creación de cuestionarios no Campus Virtual	PFID.22tic-14	10	20	82	20	-62	18
Avaliación de Tarefas no Campus Virtual: uso de rúbricas e guías de avaliación	PFID.22tic-15	10	20	58	20	-38	20
Deseño e creación de material didáctico interactivo con infografías en Genially	PFID.22tic-16	10	25	65	26	-40	20
Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP	PFID.22tic-17	24	5	76	5	-71	2
Creación de infografías e deseños vectoriais	PFID.22tic-18	24	5	70	5	-65	2
Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	PFID.22tic-19	24	5	71	5	-66	4
Curso básico en ferramentas de creación de contidos	PFID.22tic-20	20	25	76	25	-51	16
Curso básico en ferramentas de apoio á docencia híbrida e virtual: Campus Virtual e Microsoft 365	PFID.22tic-21	20	25	54	25	-29	21
Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	PFID.22tic-22	24	5	48	5	-43	2
LibreOffice, Calc nivel Avanzado	PFID.22tic-23	24	5	25	5	-20	5
Edición de vídeos para a Educación Superior	PFID.22tic-24	10	20	25	20	-5	10
Edición de vídeos para a Educación Superior	PFID.22tic-25	10	20	22	19	-2	16
Curso básico en ferramentas de creación de contidos	PFID.22tic-26	20	25	65	25	-40	18
Curso básico en ferramentas de apoio á docencia híbrida e virtual: Campus Virtual e Microsoft 365	PFID.22tic-27	20	25	43	25	-18	23

Táboa 7. Cursos organizados por centros e grupos, con recoñecemento do PFID/CFP

TÍTULO DO CURSO	CÓDIGO	HORAS	PAZAS	SOLICITUDES	ADMITIDS	DIFERENZA	DIPLOMAS
Técnicas estadísticas aplicadas á investigación educativa. Módulo 3: Bases conceptuais de inferencia estatística. Deseños, probas paramétricas e non paramétricas.	PFID.22far-01	21	10	10	10	0	9
I Simposio de Formación e Innovación Educativa (Forinnova)	PFID.22far-03	10	15	17	17	-2	17
Taller Saúde 4.0: O Reto Odontolóxico	PFID.22far-04	20	10	6	6	4	6
Xestión eficaz do tempo	PFID.22far-06	8	15	13	13	2	13

Como realizar unha avaliación orientada á aprendizaxe?	PFID.22far-07	13	25	24	24	1	18
Implantación dun taller de soporte vital básico no Grao de Odontoloxía	PFID.22far-08	13	7	7	7	0	7
Realidade virtual. Realidade aumentada.	PFID.22far-09	15	12	8	8	4	8
Deseño de proxectos de Aprendizaxe-Servizo	PFID.22far-10	20	15	12	12	3	11
Curso teórico-práctico sobre a cría, produción e comercialización da raza Porco Celta para PDI da Facultade de Veterinaria	PFID.22far-11	6	18	17	17	1	17
Aprendizaxe interxeracional e innovación senior	PFID.22far-12	12	13	10	10	3	10
Manexo de base de datos e introdución didáctica á ferramenta R para unha mellor ensinanza na economía	PFID.22far-14	10	12	11	11	1	11
Estratexias de ensino e aprendizaxe na materia de xerodontoloxía nos estudos de grao e posgrao. Aplicación das novas tecnoloxías á docencia	PFID.22far-15	20	10	10	10	0	10
Vincular accións e saberes ó territorio: Xornada de formación mutua de axentes socioeducativos Arredor do Rural	PFID.22far-16	12	16	16	16	0	16
Curso de formación básica en aprendizaxe-servizo (migrantes) [ApS(m)] para profesorado universitario	PFID.22far-17	10	70	49	49	21	49
Introdución á programación en GPU NVIDIA Jetson	PFID.22far-18	10	20	17	17	3	17
Pros e contras da implementación da aprendizaxe baseada en problemas	PFID.22far-19	5	12	12	12	0	12
V Seminarios sobre modelización matemática, métodos numéricos e simulación: identificación e formulación de proxectos fin de grao e fin de máster	PFID.22far-20	15	21	21	21	0	21
Introdución á linguaxe de programación C++: C++ is not C.cpp	PFID.22far-21	10	9	8	8	1	8

II. A FORMACIÓN PARA O PERSOAL INVESTIGADOR

O 31 de decembro de 2022 a USC contaba con 1.156 membros do Persoal Investigador (PI)⁴.

O Programa de Formación de PAS viña admitindo puntualmente membros do PI nas súas actividades formativas, sempre que a temática correspondese coas súas funcións, mais nas convocatorias non se mencionaba expresamente este persoal⁵. A USC comezou a ofertar formación específica para este persoal e a incluír o PI especificamente nas convocatorias das actividades formativas xunto co PAS, por vez primeira nas mesmas condicións de preferencia, a través do CFP, de acordo cos compromisos adquiridos para manter o selo HR Excellence in Research, que certifica o apoio á xeración dunhas condicións de traballo favorables e un ambiente motivador para o persoal investigador, e de acordo cos compromisos de estabilización adquiridos en relación coas 114 persoas contratadas mediante interinaxe como efectivos de investigación e de apoio á investigación.

Como resultado desta oferta, 124 membros do PI realizaron algún curso de formación do CFP, o 10,72% deste persoal; e o CFP emitiu 1.047 diplomas a prol do persoal investigador.

Velaquí a participación deste persoal en actividades formativas do CFP, por áreas. Lembramos que na maioría das ocasións, trátase de cursos *mixtos* PAS-PI; cando son cursos exclusivos, destacámolo. En calquera caso, tamén están contabilizados no apartado correspondente á formación para o PAS.

Táboa 1. Formación Operativa. Apoio á investigación

TÍTULO DO CURSO	PI ASISTENTE
ACTUALIZACIÓN SOBRE OS MÉTODOS INCRUENTOS DE SACRIFICIO DOS ANIMAIS DE EXPERIMENTACIÓN	9
REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DA LEXISLACIÓN E NORMATIVA SOBRE ANIMAIS DE EXPERIMENTACIÓN	8
ANÁLISE MICROTOMOGRÁFICA EX-VIVO E IN-VIVO. OPTIMIZACIÓN DAS DETERMINACIÓNS E PROCESADOS CUALITATIVOS E CUANTITATIVOS	1
ROEDORES E LAGOMORFOS: TRATAMENTO E BENESTAR ANIMAL (L)	4
ROEDORES E LAGOMORFOS: TRATAMENTO E BENESTAR ANIMAL (S)	8

Táboa 2. Formación Operativa. Biblioteca

TÍTULO DO CURSO	PI ASISTENTE
FORMACIÓN BÁSICA DE CATALOGACIÓN EN ALMA, NOVA PLATAFORMA DE XESTIÓN DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA	1
INTRODUCCIÓN A ALMA, NOVA PLATAFORMA DE XESTIÓN DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA	1

Táboa 3. Formación Operativa. Calidade

TÍTULO DO CURSO	PI ASISTENTE
CURSO AVANZADO DE CALIDADE. NORMA ISO 9001:2015	8

⁴ Vid.

<https://app.powerbi.com/view?r=eyJrIjoiaNDZiY2JhOWMtNGY2Ni00NjVjLTkxYTQtZjZDU2MmZkOWYzliwidCI6IjhmMGQ0NTJlLWI3YTQtNDk2NC1iODEwLTJhMzk3Mzc0NDc3YiIsImMiOiJh9>

⁵ Por exemplo, na convocatoria do Curso de seguridade na utilización de gases a presión e líquidos crioxénicos, o persoal ao que se dirixe é “Persoal dos laboratorios”. Esa indefinición era a que permitía a inclusión de PI.

Táboa 4. Formación Operativa. Informática e Novas Tecnoloxías

TÍTULO DO CURSO	PI ASISTENTE
ANÁLISE ESTATÍSTICA CON RCOMMANDER (2ª ED)	3
CREACIÓN DE INFOGRAFÍAS E DESEÑOS VECTORIAIS	3
FERRAMENTAS BÁSICAS DE OFFICE 365 PARA O TRABALLO COLABORATIVO	7
INICIACIÓN A GNU OCTAVE	1
INICIACIÓN AO OFFICE 365	25
INICIACIÓN AO USO DA SEDE ELECTRÓNICA NA USC	13
JAVA: SPRING SECURITY	1

Táboa 5. Formación Operativa. Lexislación

TÍTULO DO CURSO	PI ASISTENTE
CURSO BÁSICO PARA TÉCNICOS SUPERIORES DE XESTIÓN (EXCLUSIVO PI)	29

Táboa 6. Formación Operativa. Lingua Galega

TÍTULO DO CURSO	PI ASISTENTE
GALEGO SEGURO: SOLUCIONA AS TÚAS DÚBIDAS E ERROS MÁIS COMÚNS	5

Táboa 7. Formación Operativa. Xénero e igualdade

TÍTULO DO CURSO	PI ASISTENTE
AFONDANDO NO “PROTOCOLO DE ACOSO SEXUAL E ACOSO POR RAZÓN DE SEXO, ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO NA USC”: ACHEGAMENTO, ANÁLISE E REFLEXIÓNS.	12

Táboa 8. Área de Seguridade e Saúde

TÍTULO DO CURSO	PI ASISTENTE
CURSO DE SEGURIDADE NA UTILIZACIÓN DE GASES A PRESIÓN E LÍQUIDOS CRIXÉNICOS	13
INICIACIÓN SOPORTE VITAL BÁSICO E MANEXO DO DESFIBRILADOR	6
MANIPULACIÓN MANUAL DE CARGAS (EXCLUSIVO PI)	19
NORMAS BÁSICAS EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (EXCLUSIVO PI)	23
PREVENCIÓN DE RISCOS EN POSTOS DE OFICINA (EXCLUSIVO PI)	47
PREVENCIÓN DE RISCOS NO TELETRABALLO (EXCLUSIVO PI)	103
PREVENCIÓN RISCOS PVD E DISPOSITIVOS TIC PORTÁTILES (EXCLUSIVO PI)	26
SEGURIDADE NO TRABALLO EN LABORATORIOS (EXCLUSIVO PI)	83
STOP AO ESTRÉS. CÓMO XESTIONAR O ESTRÉS LABORAL (EXCLUSIVO PI)	13
UTILIZACIÓN E SELECCIÓN DE EQUIPOS INDIVIDUAIS DE PROTECCIÓN (EXCLUSIVO PI)	26

Ademais, incorporouse este persoal á oferta formativa en linguas do Centro de Linguas Modernas, dependente do CFP, nas mesmas condicións que o PAS, polo cal poden realizar un curso de idiomas neste centro con exención de pagamento.

Tamén se financiaron dende o CFP as actividades de formación externa que polas súas especiais características así se consideraron, tras a oportuna autorización da Xerencia.

Táboa 9. Formación externa do PI

ENTIDADE ORGANIZADORA	TÍTULO DO CURSO	PI ASISTENTE
OFICINA DE GESTIÓN DE PROYECTOS INSTITUCIONALES. UNIVERSIDAD DE ALICANTE	CURSO DE REDACCIÓN DE PROYECTOS PARA LA CONVOCATORIA DE ERASMUS-KA 2	1
OFICINA DE GESTIÓN DE PROYECTOS INSTITUCIONALES. UNIVERSIDAD DE ALICANTE	CURSO DE REDACCIÓN DE PROYECTOS ERASMUS +. KEY ACTION 2: CAPACITY BUILDING IN HIGHER EDUCATION	1

Aínda que o custo destes cursos xa está reflectido na parte correspondente á formación de PAS, dado que ambos os colectivos comparten convocatorias, queremos amosar os importes da formación exclusiva para o PI.

Táboa 10. Custo dos cursos de formación exclusivos para o PI

TÍTULO DO CURSO	IMPORTE
CURSO BÁSICO PARA TÉCNICOS SUPERIORES DE XESTIÓN	3.420,00
MANIPULACIÓN MANUAL DE CARGAS (EXCLUSIVO PI)	0,00
NORMAS BÁSICAS EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (EXCLUSIVO PI)	0,00
PREVENCIÓN DE RISCOS EN POSTOS DE OFICINA (EXCLUSIVO PI)	0,00
PREVENCIÓN DE RISCOS NO TELETRABALLO (EXCLUSIVO PI)	0,00
PREVENCIÓN RISCOS PVD E DISPOSITIVOS TIC PORTÁTILES (EXCLUSIVO PI)	0,00
SEGURIDADE NO TRABALLO EN LABORATORIOS (EXCLUSIVO PI)	0,00
STOP AO ESTRÉS. CÓMO XESTIONAR O ESTRÉS LABORAL (EXCLUSIVO PI)	0,00
CURSO DE REDACCIÓN DE PROYECTOS PARA LA CONVOCATORIA DE ERASMUS-KA 2	1.033,25
CURSO DE REDACCIÓN DE PROYECTOS ERASMUS +. KEY ACTION 2: CAPACITY BUILDING IN HIGHER EDUCATION	976,69
TOTAL FORMACIÓN EXCLUSIVA PI	5.429,94

III. A FORMACIÓN PARA O PAS

As accións formativas convocadas e dirixidas ao Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Universidade de Santiago de Compostela planifícanse atendendo ás necesidades formativas detectadas nas diferentes unidades ou servizos en que presta servizos o persoal, así como nas liñas e decisións estratéxicas que toma a propia Universidade, que requiren dunha resposta formativa para o seu persoal.

A diagnose de necesidades do ano 2022 realizouna a extinta Sección de Formación, integrada no Servizo de Planificación e Programación de Persoal; tamén participaron outras entidades, como por exemplo, no campo da prevención de riscos e seguridade e saúde laboral, o Comité de Seguridade e Saúde é quen cada ano aproba un informe no que prioriza a formación que considera necesaria nese ámbito, e que despois vai ser executada pola Sección de Formación.

Para atender as necesidades de formación en idiomas estranxeiros do PAS, o Plan de Formación financiou a este colectivo os custos da matrícula nos cursos regulares do Centro de Linguas Modernas (CLM) nos campus de Santiago e Lugo.

Tamén se financiaron, con cargo á partida de accións formativas do PAS, as actividades de formación externa que polas súas especiais características así se consideraron, tras a oportuna autorización da Xerencia.

Integráronse así mesmo no plan de formación da USC, os cursos que a Escola Galega de Administración Pública convocou dirixidos ao PAS das tres universidades galegas, aplicando un convenio asinado entre estas institucións, ao abeiro do cal se negocia cada ano unha oferta formativa concreta.

1. A xestión da formación de PAS en 2022

O 31 de decembro de 2022 había un total de 1.222 membros PAS na USC, dos que 1025 prestan os seus servizos no campus de Santiago, 166 no campus de Lugo e 20 adscritos aos dous campus.

Desde a Sección planificouse e organizouse un total de 99 actividades formativas, 44 no primeiro semestre e 55 no segundo semestre, xa dende o Centro de Formación de Persoal. Para esas 99 actividades recibíronse 6.296 solicitudes, das cales puideron ser atendidas 2.874, o 45,64%. Outorgáronse 2.521 diplomas, dos cales 1.167 foron diplomas de asistencia e 1.354 de aptitude, o que supón que un 87,72% dos seleccionados remataron os respectivos cursos e que a taxa de abandono é do 12,28%. O número de persoas que participaron polo menos nunha das actividades formativas é de 301, o que supón un 22,6% do cadro de persoal.

Estes datos representan diferenzas significativas con respecto aos anos anteriores. Por exemplo, en relación a 2019, para evitar os anos da pandemia:

Táboa 1. Comparativa de datos de formación entre 2019 e 2022

	2019	2022
Actividades convocadas	53	99
Prazas ofertadas	1.132	2.651
Solicitudes recibidas	1.562	6.296
Solicitudes atendidas	988 (63,25%)	2.874 (45,64%)
Diplomas emitidos	829	2.521
Taxa de abandono	16,09%	12,28%

